



## NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO PARA TOD@S @S USUARI@ DO COMEDOR ESCOLAR

- ✓ É de obrigado cumprimento a asistencia tódolos días que figuran na solicitude.
- ✓ A dirección do Centro continúa a ser a responsable deste servizo e, por iso, para calquera comunicación relativa a baixas, altas, dietas... dos comensais deberán enviar un whatsApp ao móbil da escola 658 715 569. Estes avisos deben ser feitos con antelación ao día correspondente ou antes das 09:30 do día efectivo de ausencia.
- ✓ Estas ausencias serán por razóns de saúde e deberán entregar xustificante en canto o usuario/a se reincorpore ao comedor.
- ✓ O servizo de comedor remata as 16.00 horas. A partir desta hora, pais, nais ou representantes legais faranse cargo dos comensais. Establécense dúas quendas de saída:
  - Ás 15.30h. coincidindo coa saída do bus escolar
  - A partires das 15.45h, e ata ás 16h. momento no que remata o servizo de comedor.
- ✓ Os alumn@s, do quinto e sexto curso de primaria, que marchen sós deberán contar coa correspondente autorización asinada.
- ✓ Pequenas faltas acumuladas constitúen falta grave. As faltas graves serán rexistradas polo persoal de atención e trasladadas á persoa responsable de comedor, quen dará trámite á comisión de seguimento do servizo e iniciará as medidas convenientes.
- ✓ As condicións especiais dos comensais especificaranse expresamente nas solicitudes de praza.



- ✓ **No caso de dietas especiais deberá presentarse certificado médico no que se especifique o tipo de dieta necesaria (celíaca, sen lactosa,...).**
- ✓ No caso de dietas complicadas os pais poderán pórse en contacto directamente coa persoa responsable do comedor para informarse ou pedir unha rectificación do menú.
- ✓ Os alumn@s que non asistan ás clases non poderán facer uso do Servizo de Comedor.
- ✓ En **ningún caso** se administrarán medicamentos aos nen@s que asisten ao Comedor. Igualmente, **nunca** deben entregar medicamentos aos nen@s. En caso necesario, arbitrase o xeito de que os pais ou titores do alumn@ poidan acceder ao Centro para administrarlles os medicamentos. Para iso deberán poñerse en contacto coa Dirección.
- ✓ O menú diario publicarase na web da escola. Esta información facilitará ás familias a preparación da dieta completa dos seus fill@s, complementando no resto de comidas o inxerido no Comedor.
- ✓ Todos os alumnos deben respectar as Normas de Funcionamento e de Convivencia do Comedor: aseo, entrada ao Comedor, conduta e hábitos de comida.
- ✓ O incumprimento por parte dos alumnos das Normas de Funcionamento e de Convivencia do Comedor, así como o non pagamento das mensualidades, pode chegar a supoñer a baixa no Servizo de Comedor de forma temporal ou definitiva.
- ✓ Para calquera tema relacionado co Comedor, deben dirixirse á Dirección do Centro.
- ✓ É obligatorio cumprir as normas xerais establecidas no NOF no relativo ao Comedor escolar. No caso de que se incumplan por parte dalgunha familia, poñeremolo en coñecemento do Organismo competente.
- ✓ A empresa **contratada** pola Consellería é **MEDITERRANEA**